

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

## FICHA RESUMO

**PE 403A 2009/67-5**

<b>Ano</b>	(*) 2010
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMBADOS
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓNS
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO A PÉ

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>R. decussatus</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R. philippinarum</i> ), ameixa babosa ( <i>V. pullastra</i> ), ameixa bicuda ( <i>V. aurea</i> ), berberecho ( <i>C. edule</i> ), caramuxo ( <i>Littorina spp</i> e <i>Monodonta spp</i> ), reloxo ( <i>D. exoleta</i> ), navalla ( <i>E. arcuatus</i> ), longueirón ( <i>E. ensis</i> ), longueirón vello ( <i>S. Marginatus</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Intermareal entre punta Tragove e Rego do Alcalde co Saco de Fefiñáns, entre Ponte Castrelo e punta Borrelo e entre o peirao de Cambados e a desembocadura do río Umia.
<b>Subzonas de explotación</b>	O Sarrido, Tubos, Pantalán, Saco Fefiñáns, San Miguel

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
187	-	-
Ampliación do número de permex <sup>(4)</sup>		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación											
<b>Días máximos de extracción</b>	180										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> : De xaneiro a decembro. No <b>Sarrido</b> respectarase unha <b>veda mínima dun mes entre abril e xuño</b> .											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b> : A PÉ											
xan	feb	mar	abril	Maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura	
Especies	A pé (mariscadora/día)
Ameixa fina	3 kg
Ameixa xaponesa	6 kg
Ameixa babosa	2 kg
Ameixa bicuda	1 kg
Berberecho	5 kg
Caramuxo	3 kg
Reló	2 kg
Navalla	5 kg
Longueirón	1 kg
Longueirón vello	2

**Para a posible explotación do reloxo deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo**

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

<b>Artes a empregar</b>	Sacho e angazo ou rastrillo Fisga para a captura de solénidos
-------------------------	--

<b>Puntos de control</b>	Galpón de Montesaco de San Tomé e lonxa de Tragove
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Tragove

<b>Accións a realizar <sup>(7)</sup></b>	<b>Epocas probables <sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas: Mar de Frades e Bebederos												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>	X	X	X	X	X					X	X	X
Zonas: Sarrido, Saco de Fefiñáns, Pantalán e San Miguel												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>	X	X	X	X	X					X	X	X
Zonas: Sarrido, Saco de Fefiñáns, Pantalán e San Miguel												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>	X	X	X	X	X					X	X	X
Zonas: Sarrido, Saco de Fefiñáns, Pantalán e San Miguel												
Especies: ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>	X	X	X	X	X					X	X	X
Zonas: Sarrido, Saco de Fefiñáns, Pantalán e San Miguel												
Especies: ameixa fina e ameixa xapónés												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Subzonas de O Sarrido (Bebederos, Algaseiras, Illeiras, etc.). Arados con tractor e rastros de vieira modificados.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>						X	X	X	X			
Vixilancias, control de depredadores ( <i>Carcinus maenas</i> e <i>Atelecyclus spp</i> )												

<b>Outras consideracións <sup>(9)</sup></b>
<b>Especies:</b> inclúense como especies accesorias a navalla, longueirón e longueirón vello (unha vez comprobado que ditas especies figuran na relación das especies incluídas nos documentos de outorgamento das autorizacións administrativas). Exclúese a ostra ao non terse detectada a súa presenza nas mostraxes realizadas
<b>Participantes:</b> ..... Polo tanto, o número de permisos en vigor é de 187.
<b>Calendario:</b> a extracción de <b>solénidos</b> realizarase durante un <b>máximo de 60 días</b> , en quendas rotatorias dun <b>máximo de 25 mariscadoras</b> . Esta relación deberá indicarse na solicitude de apertura mensual.



**Cotas máximas de captura:** con base nos resultados das últimas mostraxes (outono 2009), as cotas máximas son as establecidas nesta ficha.

Respecto á solicitude de cotas máxima de captura anuais en lugar de diarias. Cómpre recordar que as cotas máximas de capturas establécense por especie, mariscadora e día (Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños), polo que non é posible acceder á petición.

**Artes a empregar:** O raño ou gancha a pé non é arte de marisqueo a pé de conformidade co establecido no artigo 118º do Decreto 424/1993, de 17 de decembro. Polo que o emprego desta arte só poderá realizarse ao abeiro do correspondente plan experimental que autorice o seu emprego.

Para a captura de sólenidos, a arte autorizada é a fisga.

**Actividades de semicultivo:** O control de depredadores (*C. Maenas* e *Atelecyclus spp*) será valorado cando detallen as zonas, metodoloxía e destino das capturas. Por resolución da xefatura territorial poderán autorizarse as accións e establecer as condicións para o seu desenvolvemento.

A autorización para a realización de traballos que supoñan a eliminación de ceba (*Zoostera spp*) no Sarrido estará condicionada polo informe que a Consellería do Medio emita sobre o plan de explotación, por tratarse dun espazo natural protexido.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

#### **Normas do plan:**

Con respecto ao réxime sancionador recoméndase que o colectivo revise coa axente de extensión se o procedemento sancionador que se describe no plan se axusta os estatutos da confraría e ó regulamento de réxime interior da agrupación, e se as medidas cautelares contempladas son axeitadas. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

#### **Recomendacións para a mellora do plan:**

- Explotación rotatoria dos bancos
- Detallar a organización do punto de control.
- Revisar, modificar e aprobar o regulamento de réxime interno da agrupación
- Detallar máis polo miúdo o plan financeiro